

PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN FÍSICA

CEIP DE BAROUTA

CURSO 2021-22

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

CONTEXTUALIZACIÓN

CONCRECIÓN CURRICULAR DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA POR CURSOS:

Obxectivos xerais de educación física na educación primaria
Contribución da educación física ao desenvolvemento das competencias básicas
Contidos da educación física na educación primaria
Metodoloxía
Organización do grupo e recursos
Temporalización
Actividades
Atención á diversidade
Avaliación da área de educación física
Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Instrumentos de avaliación
Criterios de cualificación

PRIMEIRO CURSO:

Características do alumnado do 1º curso
Obxectivos xerais do 1º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación da aprendizaxe do 1º curso
Estándares de aprendizaxe

SEGUNDO CURSO:

Características do alumnado do 2º curso
Obxectivos xerais do 2º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación da aprendizaxe do 2º curso
Estándares de aprendizaxe

TERCER CURSO:

Características do alumnado do 3º curso
Obxectivos xerais do 3º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación do 3º curso
Estándares de aprendizaxe

CUARTO CURSO:

Características do alumnado do 4º curso
Obxectivos xerais do 4º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación do 4º curso
Estándares de aprendizaxe

QUINTO CURSO:

Características do alumnado do 5º curso
Obxectivos xerais do 5º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación do 5º curso
Estándares de aprendizaxe

SEXTO CURSO:

Características do alumnado do 6º curso
Obxectivos xerais do 6º curso
Secuenciación dos contidos por bloques
Criterios de avaliación do 6º curso
Estándares de aprendizaxe

INTRODUCCIÓN:

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, (LOMCE), modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, (LOE), e concretamente o artigo 6 da precitada Lei, para redefinir o currículo e regular os elementos que determinan os procesos de ensino–aprendizaxe, chegando a un nivel de concreción maior na propia explicitación do propio currículo. Así este estará integrado polos obxectivos da etapa, as competencias ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos á resolución dos problemas, os propios contidos, a metodoloxía, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación.

Seguindo a LOMCE, a presente programación vai seguir os aspectos normativos do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria elaborado a partir do RD 126/2014, do 28 de febreiro, polo cal se establece o currículo básico da Educación Primaria e amparado á Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.

A concreción do explicitado na L.O. no Decreto e Ordes respectivas, na súa adaptación ao contexto do CEIP Barouta é a programación da área de Educación Física.

CONTEXTUALIZACIÓN:

O C.E.I.P. de Barouta está ubicado no rural de Galicia (Ames-A Coruña). Este curso, debido á pandemia do COVID-19, distribuirase o alumnado nun maior número de grupos para que non haxa tanta aglomeración de alumnado en grupos de máis de 25 alumnos/as. Haberá 3 grupos de Educación infantil e 9 de Educación Primaria conta cun total de 24 mestres. A distribución dos mestres é a seguinte: 3 mestres de EI e 1 de apoio a infantil, 9 titores de EP, 2 especialistas de Inglés, 1 de Relixión, 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica, 2 especialistas en Audición e Linguaxe (unha delas a tempo parcial), 1 de Música, 1 orientadora (a tempo parcial), 1 de Educación Física e 1 director. Ademais disto, traballan no centro unha conserxe e dúas persoas na limpeza.

Ao ser un centro de 9 unidades e de acordo ao establecido no Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, complementado na Orde do 22 de xullo de 1997, os órganos de goberno do centro están formados polos **unipersoais** (director, xefa de estudos e secretaria) e **colexiados** (claustro e consello escolar).

O centro cumpre tódolos requisitos que establece o RD 132/2010, do 12 de febreiro, consta dun edificio principal de 2 plantas con 12 aulas, dispón tamén dun aula de apoio, aula de música, aula de orientación e biblioteca. Outros servizos cos que conta o centro son a cociña e un comedor.

Xornada escolar. O centro ten un horario intensivo: as clases comezan ás 09:00 hs. Contará con 5 sesións de 50' cada unha e un recreo de 30'.

Área de Educación Física. O centro posúe un pavillón polideportivo situados a uns 25 mts. do edificio principal, con varias deficiencias, e nel existen campos marcados de minibasquet, balonmán, fútbol-sala, voleibol e bádminton. Tamén posúe dous parques infantís e un patio de grandes dimensións arredor do edificio principal, ademais doutra pista polideportiva, ao aire libre, de menor tamaño. Posúe suficiente material para levar a cabo as sesións da devandita área.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Seguindo o establecido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *“os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”*.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro establece o currículo da Educación Primaria no sistema educativo galego (DOG 14 de agosto) e é no anexo II do precitado Decreto onde se desenrola como disciplina específica a área de Educación física que ten como finalidade principal:

A competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN FÍSICA:

Dito Decreto (105/2014, do 4 de setembro), establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. Os obxectivos que máis relación garda coa área de Educación Física son os seguintes:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como

actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA CONTRIBÚE AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as **competencias clave** son *“capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”*.

Coa entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo.

No currículo de Educación Primaria (Decreto 105/2014, de 4 de setembro), no Anexo II menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das 7 competencias clave.

- 1) Competencia de Comunicación lingüística.
- 2) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- 3) Tratamento da información e competencia dixital sobre a saúde.
- 4) Competencia social e cidadá.
- 5) Competencia cultural e artística.
- 6) Competencia de “aprender a aprender”.
- 7) Autonomía e iniciativa persoal.

CONTIDOS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro define os contidos como *“o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función de ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado”*. O currículo, no seu anexo II, establece 6 bloques de contidos para a área de EF:

1. Contidos Comúns
2. O corpo: imaxe e percepción
3. Habilidades motrices
4. Actividades físicas artístico - expresivas.
5. Actividade física e saúde
6. Os xogos e deportes.

A súa concreción explicitarase dentro dos propios cursos.

O actual currículo da Educación Primaria indica unha serie de **elementos transversais** no seu artigo 11 (Calidade, equidade e inclusión educativa; Prevención e resolución pacífica de conflitos; evitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual...), os cales debemos de traballar ao longo do curso. Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e dende a área de EF non ía ser menos.

Tal e como propón o currículo da Educación Primaria (Decreto 105/2014, do 4 de setembro), trataranse os contidos da EF de maneira **interdisciplinar** con outras áreas do currículo (matemáticas, Ciencias Sociais, Plástica...).

METODOLOXÍA:

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, a metodoloxía é o *“conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”*.

O xogo será o recurso metodolóxico utilizado na maior parte das sesións. Axudará ao desenvolvemento integral do alumnado, así como á adquisición de determinados contidos de maneira lúdica.

Por isto, e desde un enfoque globalizador propio da ensinanza da etapa que nos ocupa, utilizaremos unha estratexia mixta (global-analítica). Os estilos de ensinanza utilizados serán o “mando directo modificado”, “ensinanza

recíproca”, “asignación de tarefas”, “descubrimiento guiado” e a “resolución de problemas”, fomentando no alumnado a exploración, o descubrimento, a creatividade, e sobre todo a valoración das propias posibilidades.

Tampouco debemos esquecer a importancia do factor motivacional, favorecido coa presentación de tarefas que teñan unha finalidade para os nenos.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

ORGANIZACIÓN DO GRUPO

A dinámica de grupos variará desde formas individuais a pequenos grupos, segundo o comunique o mestre. Realizaranse tarefas, ou exercicios, individuais sempre que sexa posible minimizando o uso de material compartido. Neste tipo de tarefas deberá de existir certo distanciamento social entre o alumnado e entre o alumnado e o profesorado. Tamén seguirá usándose a máscara para a realización das actividades. Dentro dunha mesma sesión tenderemos a empregar unha forma de organización, evitando grandes perdas de tempo e exercendo un maior control- observación do proceso do alumnado en cada actividade proposta.

RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais son suficientes para a realización das actividades de cada unidade didáctica. Fomentarase o uso de material reciclado. En caso de usar o mesmo material desinfetarase previamente dito material.

TEMPORALIZACIÓN

Tendo en conta, tódolos aspectos ata aquí mencionados e partindo da realidade práctica do centro escolar, distribuimos os contidos en tres trimestres. Dependendo do curso haberá un número diferente de UD's. En cada unha delas traballarase, globalmente, diversos contidos e obxectivos da Unidade e especificamente, a través dalgunhas actividades concretas, o obxectivo desta sesión. Desta forma serven de referencia para a comprobación da correcta evolución dos contidos e progresión do alumnado (responde a ¿que, como e cando avaliar?). Ao final da programación de cada curso inclúese a distribución trimestral e mensual das unidades didácticas correspondentes.

ACTIVIDADES

A duración de cada sesión é de 50 minutos, distribuiremos o tempo da seguinte forma:

Animación (10'): Movements globais para lograr unha posta en acción psicomotriz cognitiva.

Parte principal (25'): Tarefas para o logro dos obxectivos.

Volta a calma (5'): Tarefas que favorecen a recuperación do alumnado tralo esforzo realizado.

Análise dos resultados (5'). Reflexiónase co alumnado acerca da sesión.

Traslados e aseo (5'). Este curso non se levará a cabo o aseo nos cursos de 5º e 6º de E. Primaria, como se viña utilizando en anos anteriores, por temor a un gromo do virus.

Durante este curso, antes e despois das clases de EF, todo o alumnado lavarase as mans con xel hidroalcohólico.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación está deseñada e orientada para dar solución a alumnos que, de maneira directa ou indirecta, son grupos con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades.

Tal e como nos indica o artigo 16 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: *“alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar”*.

Diversidade e concreción dos casos: o alumnado lesionado temporalmente axudará ao docente no transcurso da clase. En todos os casos o alumnado terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificadas.

AVALIACIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A programación está deseñada O marco lexislativo propio da Comunidade Autónoma de Galicia indica que a avaliación será “global, continua, formativa e integradora” tal e como se observa no Decreto 105/2014, do 4 de setembro e na Orde do 9 de xuño de 2016.

Os mínimos esixibles son: Participa activamente nas actividades propostas na aula / Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos / Xoga con calquera compañeiro sen discriminación e valora o xogo limpo / Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF (roupa deportiva e zapatillas deportivas para todo o alumnado e útiles de aseo: toalla, camiseta de recambio e desodorante de roll-on, para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria). Este curso non se terá en conta este derradeiro mínimo, a parte relacionada coa hixiene, debido á crise do

COVID-19. / Entrega os traballos indicados no prazo correspondente, no caso de que se propoña algún.

Seguindo o establecido na lexislacións as cualificacións terán diferentes caracteres. Expresaranse tanto nos termos de Insuficiente (IN), Suficiente (SUF), Ben (BE), Notable (NT) e Sobresáinte (SB), así como unha cualificación numérica (1-10; sen decimais).

Que imos avaliar?:

Avaliaranse todos os elementos do proceso educativo, tales como a aprendizaxe do alumnado e a propia práctica docente do profesorado (*analizáranse as súas características, comportamentos e actitudes*).

Cando imos avaliar?:

Antes: Observando o historial académico de cursos anteriores. Probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza, velocidade, etc.

Durante: A avaliación será continua e global. **Instrumentos de avaliación:** Levarase a través de rexistros anecdóticos. O mestre avaliará os comportamentos e actitudes diariamente, durante o transcurso de calquera sesión.

Despois: Avaliación final. Criterios de cualificación. A nota media (0-10) levarase a cabo a partir das notas alcanzadas nos seguintes items: participación (30%), probas de carácter práctico e capacidades (20%), vestimenta, comportamento, interese e actitudes (40%) e traballo avaliación (10%).

Estándares de aprendizaxe: Os estándares de aprendizaxe avaliábles son a especificación e concreción dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e facer. Como todo en educación deben ser observables, avaliábles e medibles, pero na área de educación física, como formación integral que é, os obxectivos que se perseguen non se concretan nunha materia. A utilización das probas estandarizadas que permitan graduar e avaliar o rendemento ten que ver mais coa observación e cunha avaliación máis cualitativa.

EDUCACIÓN FÍSICA 1º CURSO

Características dos nenos e nenas do 1º curso

Obxectivos xerais do 1º curso

Secuenciación dos contidos por bloques

Criterios de avaliación da aprendizaxe do 1º curso

Estándares de aprendizaxe

Mínimos esixibles para acadar as competencias básicas. Grao mínimo de consecución de cada estándar.

CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DO 1º CURSO COMO REFERENTE NO DESENVOLVEMENTO DA ÁREA DE E. FÍSICA

Os procesos educativos atópanse fortemente condicionados polas características psicolóxicas, afectivas e sociais propias do alumnado a estas idades. A continuación sinalamos algunhas das peculiaridades do alumnado do 1º curso:

Perciben globalmente a realidade e non efectúan deducións, procedendo de forma intuitiva. Fan xirar a realidade arredor súa; polo tanto, as actividades e contidos deben estar contextualizados.

Atópanse no estadio de operacións concretas, o que supón a necesidade da manipulación. Aprenden a través da experiencia persoal e cotiá.

Van adquirindo o pensamento causal e desenrolan a capacidade de atención e observación o que permitirá un novo coñecemento do entorno.

Respectan as normas de convivencia, aínda non as entenden.

Toman como punto de partida o coñecemento que teñen das diferentes partes do seu corpo e dos demais, pasando do movemento global ao segmentario, para afirmar o proceso de lateralización ao final do Curso.

Empeza a construír mellor as nocións espazo-temporais.

Fai a reprodución de movementos dun xeito consciente.

Aínda non chegan ao equilibrio, pero teñen un mellor control da súa motricidade. Están nunha fase sensible para a adquisición de esquemas motores novos.

Gran espontaneidade que contribúe a diversificar as súas posibilidades de movemento.

Seguen cansando facilmente.

Acadan unha meirande confianza e independencia.

O xogo é a actividade motriz máis natural.

Comezan as diferenzas entre nenos e nenas.

OBXECTIVOS XERAIS DO 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- f) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- g) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- h) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- i) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

j) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

k) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS COMPETENCIAIS DO 1º CURSO:

Competencia motriz

Competencia en comunicación lingüística

Favorecer o intercambio comunicativo nas actividades físicas lúdicas.

Utilizar correctamente a linguaxe como medio de comunicación oral.

Expresarse de forma axeitada.

Coñecer o vocabulario específico da área.

Competencias no coñecemento e a interacción co mundo físico

Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motoras e expresivas.

Explorar sensorialmente o espazo, aplicando a información obtida ás súas actividades motoras.

Entender e valora a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.

Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.

Adquirir hábitos saudables de alimentación, hixiene e de coidado do propio corpo.

Comprender a relación entre alimentación e actividade física.

Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.

Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.

Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.

Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.

Mostrar actitudes de respecto cara os demais e a un mesmo.

Tratamento da información e competencia dixital

Transformar a información en coñecemento.

Transmitir información a través da linguaxe corporal.

Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.

Utilizar a información recibida a través dos xestos, as posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

Competencia social e cidadá

Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.

Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.

Asumir as diferenzas na actividade física así como as posibilidades propias e alleas.

Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.

Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.

Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar or sexo, clase, orixe e cultura.

Valorar o esforzo e os logros obtidos por as persoas afectadas de minusvalía física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.

Habituar a coidar e manter en orde as súas pertenzas e no seu ámbito.

Coidar e conservar o material.

Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

Competencia cultural e artística

Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recurso o corpo e o movemento.

Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).

Experimentar coa linguaxe do corpo.

Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.

Interese polas formas de comunicación no verbal.

Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.

Utilizar as manifestacións artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute.

Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Competencia para aprender a aprender

Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.

Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.

Favorecer a motivación, a confianza en un mesmo e o gusto por aprender.

Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.

Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.

Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Afrontar a toma de decisións de xeito racional.

Autonomía e iniciativa persoal

Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.

Desenvolver os valores persoais de responsabilidade e perseveranza.

Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.

Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.

Desenvolver a iniciativa e a creatividade.

Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.

Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

LÍÑAS DE ACTUACIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA NO ÁMBITO COMPETENCIAL

O principal obxectivo da Educación Física neste ámbito é determinar que pode aportar a área de Educación Física nun proxecto educativo común e como facelo, polo que prantexa esta Programación un conxunto de condutas prioritarias que considero necesarias para favorecer o desenvolvemento persoal, social e ambiental dos meus alumnos, concretando ditas condutas nunha unha proposta de liñas de actuación na aula de Educación Física.

1º) No ámbito persoal:

a) Melloral a autoestima.

Facer que o alumnado perciba as seus logros.

Empregalo reforzo positivo.

Fomentalos comentarios positivos entre o alumnado.

Repartir o protagonismo nas clases.

Introducir xogos e dinámicas específicas

.

b) Coñecemento e aceptación da propia personalidade.

Traballar no posible con propostas de actividade motriz abertas.

Introducir propostas motrices prantexadas polo propio alumnado.

Permitir ao alumnado a selección libre do nivel de actividade motriz.

Prantexar actividades grupais cooperativas con diferentes funcións complementarias.

c) Autonomía á hora de tomar decisións e responsabilidade nas decisións tomadas.

Absoluta liberdade para participar ou non nas actividades propostas na nosa clases.

Delegar no alumnado unha serie de funcións.

Consensuar co alumnado as normas básicas da clase.

2º) No ámbito social:

a) Mellora das relacións do grupo.

Fomentar a expresión de sentimentos e os contactos persoais.

Introducir actividades motrices que impliquen o cambio constante de compañeiro.

Favorecela formación de grupos distintos.

Potenciala práctica de xogos motores cooperativos.

Utilizalas recompensas grupais.

b) Aceptación do outro sen importancia da súa raza, sexo, condición social, etc.

Introducir na clase elementos motores das culturas minoritarias.

Reforzar positivamente os grupos mixtos.

Empregar unha linguaxe non sexista.

Adapta-las actividades motrices ao alumnado con discapacidade.

c) Regulación de conflitos por vías non violentas.

Favorecer que o alumnado regule os seus propios conflitos.

Reservar un espazo para a regulación dos conflitos.

Reforzar positivamente a regulación non violenta de conflitos por parte do alumnado.

d) Coñecemento e valoración doutras culturas.

Empregar músicas doutras culturas.

Introducir actividades motrices doutros pobos e culturas.

3º) No ámbito ambiental:

a) respecto ao medio ambiente.

Práctica de actividades físicas en entorno naturais o seminaturais.

b) Preocupación pola súa mellora.

Introducir xogos e dinámicas motrices específicas de educación ambiental.

Utilizar materiais de desfeito para a práctica de actividades físicas.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS EDUCACIÓN FÍSICA DO 1º CURSO

Bloque1. Contidos comúns en educación física

Aceptación da propia realidade corporal.

Respecto das persoas que participan no xogo.

Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.

Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns nas saídas polo contorno do colexio.

Bloque 2. o corpo: imaxe e percepción

Aceptación da propia realidade corporal.

Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal

Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.

Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.

Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.

Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.

Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).

Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.

Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.

Bloque 3. habilidades motrices

Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos.

Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.

Resolución de problemas motores sinxelos.

Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.

Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.

Bloque 4. actividades físicas artístico expresivas

Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.

Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.

Imitación de personaxes, obxectos e situacións.

Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.

Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

Bloque 5. actividade física e saúde

Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.

Relación da actividade física co benestar da persoa

Mobilidade corporal orientada á saúde.

Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes

Respecto ás persoas que participan no xogo.

Bloque 6. os xogos e actividades deportivas

Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.

Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.

Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.

Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos.

O xogo como actividade común a todas as culturas.

Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.

Práctica de xogos libres e organizados.

Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque1. Contidos comúns en educación física

Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais

Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.

Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.

Bloque 2. o corpo: imaxe e percepción

Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

Cofecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.

Bloque 3. habilidades motrices

Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.

Bloque 4. actividades físicas artístico expresivas

Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

Bloque 5. actividade física e saúde

Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.

Bloque 6. os xogos e actividades deportivas

Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.

Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

A concreción dos propios criterios de avaliación se explícita nos estándares de aprendizaxe que ven a ser as accións graduadas que os alumnos deben saber facer na área de educación física.

Bloque1. Contidos comúns en educación física

Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.

Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.

Participa activamente nas actividades propostas.

Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.

Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.

Bloque 2. o corpo: imaxe e percepción

Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.

Cofece e identifica as partes do corpo propias.

Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.

Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características deses estímulos.

Bloque 3. habilidades motrices

Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio

Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.

Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.

Bloque 4. actividades físicas artístico expresivas

Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.

Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.

Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.

Bloque 5. actividade física e saúde

Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.

Adopta hábitos alimentarios saudables.

Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando

Bloque 6. os xogos e actividades deportivas

Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.

Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.

Practica xogos libres e xogos organizados.

Recoñece xogos tradicionais de Galicia.

Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

Realiza actividades no medio natural.

Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

UNIDADES DIDÁCTICAS A DESENVOLVER NO 1º CURSO

	Mes	Semana	UNIDADE DIDÁCTICA
PRIMEIRO TRIMESTRE	Setembro	1	"Xogos no patio"
		2	
	Outubro	3	"Xogamos co corpo: coñecemento e control do propio corpo"
		4	
		5	
		6	
		7	
	Novembro	8	
		9	
		10	
	Decembro	11	"Xogos populares"
		12	
		13	"Lateralidade"
		14	
SEGUNDO TRIMESTRE	Xaneiro	15	"Equilibrio estático e dinámico"
		16	
		17	
		18	
	Febreiro	19	"Orientación espacial"
		20	"Percepción espazo-temporal"
		21	
		22	
	Marzo	23	"Desprazamentos, saltos e xiros"
		24	
		25	
		26	
		27	
TERCEIRO TRIMESTRE	Abril	28	"Coordinación dinámica xeral"
		29	
		30	
	Maio	31	"Coordinación óculo-segmentaria"
		32	
		33	
		34	
	Xuño	35	"Expresión corporal"
		36	
		37	"Actividades no patio"
		38	

EDUCACIÓN FÍSICA 2º CURSO

CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DO 2º CURSO COMO REFERENTE NO DESENVOLVEMENTO DA ÁREA DE E. FÍSICA

Os procesos educativos atópanse fortemente condicionados polas características psicolóxicas, afectivas e sociais propias do alumnado a estas idades. A continuación sinalamos algunhas das peculiaridades do alumnado do 2º curso:

Perciben globalmente a realidade e non efectúan deducións, procedendo de forma intuitiva. Fan xirar a realidade arredor súa; polo tanto, as actividades e contidos deben estar contextualizados.

Atópanse no estadio de operacións concretas, o que supón a necesidade da manipulación. Aprenden a través da experiencia persoal e cotiá.

Van adquirindo o pensamento causal e desenrolan a capacidade de atención e observación o que permitirá un novo coñecemento do entorno.

Respectan as normas de convivencia, aínda non as entenden.

Toman como punto de partida o coñecemento que teñen das diferentes partes do seu corpo e dos demais, pasando do movemento global ao segmentario, para afirmar o proceso de lateralización ao final do Curso.

Empeza a construír mellor as nocións espazo-temporais.

Fai a reprodución de movementos dun xeito consciente.

Aínda non chegan ao equilibrio, pero teñen un mellor control da súa motricidade. Están nunha fase sensible para a adquisición de esquemas motores novos.

Gran espontaneidade que contribúe a diversificar as súas posibilidades de movemento.

Seguen cansando facilmente.

Acadan unha meirande confianza e independencia.

O xogo é a actividade motriz máis natural.

Comezan as diferenzas entre nenos e nenas.

OBXECTIVOS XERAIS DO 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

f) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

g) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

h) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

i) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

j) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

k) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS COMPETENCIAIS DO 2º CURSO:

Competencia motriz

Competencia en comunicación lingüística

Favorecer o intercambio comunicativo nas actividades físicas lúdicas.
Utilizar correctamente a linguaxe como medio de comunicación oral.
Expresarse de forma axeitada.
Coñecer o vocabulario específico da área.

Competencias no coñecemento e a interacción co mundo físico

Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motoras e expresivas.
Explorar sensorialmente o espazo, aplicando a información obtida ás súas actividades motoras.
Entender e valora a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
Adquirir hábitos saudables de alimentación, hixiene e de coidado do propio corpo.
Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
Mostrar actitudes de respecto cara os demais e a un mesmo.

Tratamento da información e competencia dixital

Transformar a información en coñecemento.
Transmitir información a través da linguaxe corporal.
Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
Utilizar a información recibida a través dos xestos, as posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

Competencia social e cidadá

Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
Asumir as diferenzas na actividade física así como as posibilidades propias e alleas.
Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por sexo, clase, orixe e cultura.
Valorar o esforzo e os logros obtidos por as persoas afectadas de minusvalía física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
Habituarase a coidar e manter en orde as súas pertenzas e no seu ámbito.
Coidar e conservar o material.
Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

Competencia cultural e artística

Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recurso o corpo e o movemento.
Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
Experimentar coa linguaxe do corpo.
Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
Interese polas formas de comunicación no verbal.
Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
Utilizar as manifestacións artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute.
Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Competencia para aprender a aprender

Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
Favorecer a motivación, a confianza en un mesmo e o gusto por aprender.
Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
Afrontar a toma de decisións de xeito racional.

Autonomía e iniciativa persoal

Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
Desenvolver os valores persoais de responsabilidade e perseveranza.
